

PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	EDUCACIÓN FÍSICA	CURSO	4º ESO
CURSO ACADÉMICO	2017/2018	PROFESOR	DAMIÁN RÍOS CALVAR

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Deseño e realización das fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar.	EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.
B1.2. Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións.	EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.
B1.3. Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as actitudes, os valores e o respecto das normas, asumindo diferentes papeis e funcións.	EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.
B1.4. Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.	EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.
B1.5. Primeiras actuacións ante as lesións máis comúns que poden manifestarse na práctica deportiva.	EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.
B1.6. Protocolos básicos de primeiros auxilios.	EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.
B1.7. Medidas preventivas sobre os riscos ou as lesións na realización de actividades físico-deportivas.	EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.

B1.8. Manexo e utilización do material e do equipamento deportivo.	EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.
B1.9. Aceptación das normas sociais e democráticas que rexen nun traballo en equipo.	EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.
B1.10. Técnicas de traballo en equipo.	EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.
B1.11. Técnicas de traballo colaborativo.	EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.
B1.12. Xogo limpo como actitude social responsable.	EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.
B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas coas actividades físico-deportivas e as relacionadas coa saúde.	EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.
	EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.
	EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.
	EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.
	EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.



CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2: ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Creación de composicións artístico-expresivas individuais ou colectivas, con ou sen apoio dunha estrutura musical, incluíndo os elementos para a súa sistematización: espazo, tempo e intensidade.	EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.
	EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.
	EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B3.1. Efectos negativos que determinados hábitos de vida e consumo teñen sobre a condición física e a saúde.	EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.
B3.2. Actividade física e saúde.	EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.
B3.3. Realización de exercicios para a consecución dunha óptima hixiene postural.	EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.
B3.4. Alimentación: repercusión na saúde e na actividade física.	EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.
B3.5. Valoración e toma de conciencia da propia condición física e da predisposición a melloralas.	EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.

B3.6. Elaboración e posta en práctica dun plano de traballo que integre as capacidades físicas relacionadas coa saúde.	EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.
B3.7. Valoración e aplicación de técnicas e métodos de relaxación e respiración de xeito autónomo, co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.
B3.8. Métodos de avaliación da condición física en relación coa saúde.	EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4: OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B4.1. Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica.	EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.
B4.2. Traballo das situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición propostas, tendo en condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica.	EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.
B4.3. Coñecemento e práctica de xogos e de deportes tradicionais de Galicia e da propia zona, así como do seu regulamento. Procura de información sobre variacións locais.	EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.
B4.4. Relación entre a actividade física, a saúde e o medio natural.	EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.
B4.5. Toma de conciencia do impacto que teñen algunhas actividades físico-deportivas no medio natural.	EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.



B4.6. Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural.	EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.
	EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.
	EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e reconece os procesos que están implicados nelas.
	EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.
	EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.
	EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.
	EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.

CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece os seguintes criterios de avaliación en Educación Física neste curso:

Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física

B1.1. Diseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.

B1.2. Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos, prevendo os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as súas funcións coas do resto de implicados/as.

B1.3. Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida.

B1.4. Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadosas sobre a seguridade das persoas participantes.

B1.5. Demostrar actitudes persoais inherentes ao traballo en equipo, superando as inseguridades e apoiando as demais persoas ante a resolución de situacións descoñecidas.

B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.

Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas

B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva.

Bloque 3. Actividade física e saúde

B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.

B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.

Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas

B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.

B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.

B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno.



ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os **procedementos de avaliación** fan referencia á técnica empregada, ao método de avaliación respecto de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe, aínda que será a avaliación dos alumnos a que terá máis relevancia na nosa programación.

Teremos en conta dous procedementos de avaliación: a **avaliación obxectiva** que consistirá en aplicar os criterios de avaliación e de cualificación para tódolos alumnos, e a **avaliación subxectiva** que nos levará a considerar nos alumnos as súas capacidades previas e as súas posibilidades motrices.

Realizaremos a avaliación utilizando as dúas técnicas básicas de avaliación: a **observación** que será planificada, sistemática e rexistrada, e que se empregará fundamentalmente para a avaliación dos aprendizaxes procedimentais e actitudinais; e a **avaliación experimental** que utilizaremos para comprobar a adquisición de todo tipo de aprendizaxes, fundamentalmente os relacionados con procedementos e conceptos.

Os **instrumentos de avaliación** son un conxunto de técnicas e documentos que nos facilitan a recollida e procesamento de informacións e datos sobre os aprendizaxes dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación que utilizaremos no desenvolvemento das unidades didácticas serán os seguintes: **para a observación**: listas de control, follas de observación diaria, escalas ordinais ou cualitativas, escalas de observación, etc.; e como **instrumentos experimentais**: probas de execución de elaboración propia, traballos teórico-prácticos, probas escritas, etc.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

Coa intención de que a avaliación sexa o máis obxectiva posible, con carácter xeral nos criterios de cualificación ponderaremos a adquisición das aprendizaxes conceptuais, procedimentais e actitudinais.

A nota final en cada unha das tres avaliacións será a suma das notas ponderadas de cada un destes contidos sen ter en conta os decimais. Na nota final da avaliación ordinaria de xuño si se terá en conta os decimais, redondeando a partir da sexta décima.

Os **contidos conceptuais** terán unha consideración do 20% na cualificación dos alumnos. A nota será a media entre os traballos obrigatorios propostos e unha proba escrita, que se realizarán cada trimestre. Para os traballos escritos proporcionarase un guión que fixará os contidos a desenvolver e a forma de valoralos. Por ser a materia acumulativa, no segundo trimestre se avaliarán contidos do primeiro e no terceiro trimestre se avaliarán contidos do primeiro e do segundo. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos tanto nos traballos obrigatorios coma na proba teórica, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes conceptuais polo que non poderá superar a materia.

Os **contidos procedimentais** terán unha consideración do 50% na cualificación dos alumnos. A nota será a media de tódalas probas prácticas que se realicen cada trimestre, do caderno diario do alumno, da nota do traballo diario realizado polo alumno, das prácticas avaliadas realizadas en clase e das tarefas propostas na aula virtual. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos en cada unha das probas prácticas citadas, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes procedimentais polo que non poderá superar a materia.

Os **contidos actitudinais** terán unha consideración do 30% na cualificación dos alumnos. A nota será a media da asistencia, a hixiene persoal e a actitude (o cumprimento das normas, o interese, a participación, o esforzo, a vestimenta axeitada, a cooperación, ...). **As faltas de asistencia inxustificadas restarán medio punto** da nota con incidencia neste apartado. **As faltas de puntualidade inxustificadas restarán** da nota con incidencia neste apartado: **unha décima, unha falta de puntualidade, e medio punto, cada tres faltas de puntualidade**. A valoración da hixiene persoal se realizará tódolos días que se realice actividade física, tendo que, como mínimo, cambiarse a camiseta usada na clase por unha limpa e asearse con auga e xabón; cada día que non se realice a hixiene persoal se restará da nota a parte proporcional correspondente a ese día. A actitude se valorará tódolos días; **cada negativo por ter unha actitude contraria ás normas restará un cuarto de punto** da nota con incidencia neste apartado. **Unha amoestación cun parte de incidencia restará un punto** da nota deste apartado. Se un alumno non acadar unha nota de, ao menos, “catro” puntos tanto na asistencia coma na hixiene persoal e na actitude, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes actitudinais polo que non poderá superar a materia.

Cada falta de asistencia a clase deberá ser debidamente xustificada mediante xustificante médico ou paterno que deberá ser entregado o primeiro día que volva a ter Educación Física despois da ausencia. As faltas de asistencia xustificadas non restarán puntos da nota. Cando un alumno non se presente a unha proba escrita ou práctica, deberá presentar un **xustificante médico** que certifique a non asistencia á proba para poder facérllela noutra data. Se non é así, o alumno suspenderá a avaliación correspondente.

Cando un alumno teña faltas de asistencia, **por causa xustificada**, durante ao menos a metade das sesións dunha unidade didáctica, deberá realizar un traballo teórico-práctico a proposta do profesor sobre aspectos tratados no desenvolvemento de dita unidade didáctica. Este traballo se avaliará como unha das probas dos contidos procedimentais.

Cando un alumno non faga a clase práctica deberá xustificar debidamente o motivo mediante xustificante médico ou paterno. Se non presenta dito xustificante se **restará un cuarto de punto por cada día que non faga a clase práctica** na nota do apartado de asistencia dos contidos actitudinais. Ademais, cando un alumno non faga a clase práctica terá que permanecer na aula e realizar un traballo teórico-práctico proposto polo profesor que consistirá en enumerar e describir tódolos exercicios e tarefas que os seus compañeiros realicen durante a clase práctica e que se entregará ao final da sesión. Este traballo se avaliará dentro do apartado de traballo diario dos contidos procedimentais. Se non presenta dito traballo ao final da sesión **restará un cuarto de punto por cada día que non o entregue** na nota do apartado de asistencia dos contidos actitudinais.

Ademais do exposto no paragrafo anterior, cando un alumno non faga a clase práctica durante ao menos a metade das sesións dunha unidade didáctica ou non poida realizar a proba práctica para valorar os contidos procedimentais desa unidade, deberá xustificar obrigatoriamente o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que realizar un traballo teórico-práctico a proposta do profesor sobre aspectos tratados no desenvolvemento de dita unidade didáctica. Este traballo se avaliará como unha das probas dos contidos procedimentais. **Se non presenta dito certificado non terá dereito a ser avaliado segundo as medidas de atención á diversidade expostas neste documento** e por tanto non poderá superar a materia ao non acadar os contidos mínimos da mesma.

Cando un alumno asista a clase sen a roupa e/ou o calzado axeitados perderá o dereito a realizar a sesión práctica coas conseguíntes penalizacións na nota segundo o exposto



anteriormente nos apartados de traballo diario, realización da parte práctica da clase, hixiene persoal, actitude, ...

Para superar positivamente cada trimestre o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos na suma das notas ponderadas obtidas nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. Pero, a nota en cada un dos contidos mencionados deberá ser, ao menos, de “catro” puntos para poder superar o trimestre. Naqueles casos nos que isto non suceda, adoptaranse as medidas correspondentes e realizaranse as probas de recuperación oportunas, asignándose-lles tarefas teórico-prácticas que lles faciliten a recuperación da materia.

A cualificación de cada trimestre se calculará sumando os puntos acadados en cada unha das notas ponderadas obtidas nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. O seu valor será o número enteiro acadado polo alumno **sen considerar os decimais**.

A nota final ordinaria de xuño será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres **tendo en conta os decimais** e redondeando cara arriba a partir de 0,5 puntos, sempre que a nota mínima en cada un dos trimestres fora de cinco puntos.

PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE MATERIAS

Cando un alumno non acade os obxectivos mínimos nunha avaliación, adoptaranse as medidas correspondentes e realizaranse as probas de recuperación oportunas, asignándose-lle tarefas teórico-prácticas que lle faciliten a recuperación da materia.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA SETEMBRO

Os alumnos avaliados negativamente ao finalizar o proceso de avaliación ordinario, gozarán da convocatoria que lles ofrece a lexislación vixente, por medio da cal poderán superar a materia na proba extraordinaria que se realizará nos primeiros días de setembro segundo o calendario que deberá fixar a xefatura de estudos do centro.

Esta proba constará de dúas partes: unha **parte teórica** e unha **parte práctica**. A **parte teórica**, que supón o 60% da nota final, consistirá nun exame de preguntas cortas sobre contidos conceptuais e sobre descrições de elementos técnicos e progresións de habilidades técnicas, tácticas, etc. vistas durante o curso, e na presentación do caderno de clase e dos traballos teóricos propostos polo profesor ao longo do curso. A **parte práctica**, que supón o 40% da nota final, consistirá na realización práctica dun conxunto de probas para a avaliación dos contidos mínimos procedimentais do curso. Para a realización da parte práctica da proba o alumno deberá asistir coa roupa e o calzado axeitados.

Cando un alumno non poida realizar a parte práctica da proba, deberá xustificar **obrigatoriamente** o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que presentar obrigatoriamente os traballos teórico-prácticos propostos polo profesor sobre o contidos procedimentais desenvolvidos ao longo do curso. Estes traballos se avaliarán dentro da parte práctica da proba. **Se non presenta dito certificado non poderá superar a materia ao non acadar os contidos mínimos da mesma.**

Para superar positivamente a proba extraordinaria de setembro o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos tanto na parte teórica como na práctica. A nota final da proba extraordinaria de setembro será a suma das notas ponderadas da parte teórica e da parte práctica sen ter en conta os decimais.

PROMOCIÓN

Para superar positivamente a materia de Educación Física ao finalizar o proceso de avaliación ordinario de xuño o alumno deberá obter, ao menos unha cualificación de “cinco” puntos na media nas notas obtidas en cada trimestre. A nota en cada trimestre deberá ser, ao menos, de “cinco” puntos para poder superar a materia.

Os alumnos avaliados negativamente ao finalizar o proceso de avaliación ordinario, gozarán da convocatoria que lles ofrece a lexislación vixente, por medio da cal poderán superar a materia na proba extraordinaria que se realizará nos primeiros días de setembro segundo o calendario que deberá fixar a xefatura de estudos do centro.

Para superar positivamente a materia de Educación Física na proba extraordinaria de setembro o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos tanto na parte teórica como na práctica da proba extraordinaria. A nota final da proba extraordinaria de setembro será a suma das notas ponderadas da parte teórica e da parte práctica sen ter en conta os decimais.

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.